

REGULAMENTO DO PROTOCOLO DE ACTUACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA PARA A COLABORACIÓN NA EMISIÓN DE INFORMES PERICIAIS PSICOLÓXICOS.

CAPÍTULO I DA ORGANIZACIÓN DAS LISTAXES

Artigo 1. O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia contará permanentemente con catro listaxes provinciais independentes daqueles/as psicólogos/as que, previa solicitude e cumprimento dos requisitos, sexa aprobada a súa incorporación tras o informe favorable da Comisión de Valoración, pola Xunta de Goberno do COPG.

Artigo 2. As listaxes confeccionaranse por solicitude de incorporación ás mesmas dos/as psicólogos/as que o demanden e que acrediten os requisitos que se detallan no artigo 3 deste Regulamento. Na citada solicitude explicitarase a provincia ou provincias onde desexa intervir.

Artigo 3. Os psicólogos e psicólogas que desexen ser incorporados nas listaxes deberán reunir os seguintes requisitos no momento de formalizar a súa solicitude:

1. Ser psicólogo/a colexiado/a e estar ao corrente do pago das cotas colexiais.
2. Non estar cumprindo ou ter pendente de cumprimento unha sanción da Comisión de Ética e Deontoloxía.
3. Non ter incompatibilidades profesionais. A realización de informes periciais psicolóxicos a solicitude dos órganos xudiciais prevista no convenio é incompatible con exercer funcións de psicólogo/a adscrito/a á Administración de Xustiza como psicólogo/a forense ou nas Oficinas de Atención a Vítimas dependentes da citada Administración.
4. Ter acreditadas un mínimo de 300 horas de formación, das cales 200 horas deberán ser da área da psicoloxía xurídica e forense, xustificadas documentalmente e que procederán da formación regrada, asistencia a xornadas e congresos, impartición como docente de formación na área, etc.
5. Acreditar documentalmente a realización dun mínimo de catro (4) informes periciais, debendo ser como mínimo dous deles do ámbito civil.
6. Estar dado/a de alta no réxime especial de traballadores autónomos.
7. Ter contratado un seguro de responsabilidade civil profesional, o cal se acreditará mediante o pagamento do último recibo do ano en curso.
8. Non ter antecedentes de delitos de natureza sexual.

Artigo 4. As solicitudes presentadas só terán validez en orde á súa incorporación ás listaxes unha vez aportada a totalidade da documentación acreditativa dos requisitos e méritos requiridos. No suposto de emenda, subsanación ou mellora terase en conta o último rexistro de entrada realizado.

De cumprirse os requisitos, previa valoración favorable da Comisión de Valoración e aprobación pola Xunta de Goberno do COPG, a orde das persoas nas 4 listaxes (unha por provincia) realizaranse por estrito orde de rexistro de entrada. No caso de coincidir en data e hora unha ou varias solicitudes, a incorporación á listaxe realizarase por orde alfabética.

Artigo 5. Unha vez comprobada pola Comisión de Valoración a concorrencia e cumprimento dos requisitos esixidos, esta remitirá á Xunta de Goberno os seus acordos que, unha vez estudiada toda a documentación, elaborará e aprobará as correspondentes listaxes, que serán publicadas na páxina web do COPG. Segundo a normativa de protección de datos a publicación realizarase da seguinte forma:

- Se é un DNI con formato 12345678X publicaranse os díxitos que no formato ocupen as posicións cuarta, quinta, sexta e sétima. No exemplo:***4567**.
- Se é un NIE con formato L1234567X, publicaranse os díxitos que no formato ocupen as posicións, evitando o primeiro carácter alfabético, cuarta, quinta, sexta e sétima. No exemplo: ****4567*.

O acordo de incorporación ou denegación será notificado individualmente a cada unha das persoas interesadas. No caso de que a solicitude fose denegada, a persoa interesada poderá recorrer perante a Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia, no prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte á recepción da comunicación.

Artigo 6. Os/As psicólogos/as admitidos/as deberán asinar un documento de adhesión á/ás listaxe/s no que se faga constar que aceptan os seguintes compromisos:

1. Seguir as directrices aprobadas polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.
2. Cumprir con eficacia todas as obrigas que se deriven da aceptación do cargo de perito/a forense e da intervención profesional encomendada.
3. Acatar os termos establecidos no convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a colaboración na emisión de informes periciais.
4. Aceptar os nomeamentos, salvo incompatibilidade ou causa xustificada, comparecer aos requirimentos da Administración de Xustiza e emitir o informe pericial en tempo e forma. As persoas designadas terán un prazo de 4 días hábiles para a aceptación perante a oficina xudicial que se lle indique na designación, dispoñendo dun prazo (agás casos xustificadas e debidamente acreditados) de 40 días naturais desde a primeira entrevista pericial para a realización da pericia encomendada. Para a realización das pericias, a Dirección Xeral de Xustiza habilitará espazos adecuados nas dependencias das delegacións da Xunta ou en espazos dispoñibles dos edificios xudiciais.
5. Poñer en coñecemento do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia calquera situación ou circunstancia que lle impida desempeñar as súas funcións como perito forense.

CAPÍTULO II DO NOMEAMENTO DOS/AS PERITOS/AS

Artigo 7. O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia propondrá para a realización das peritaxes demandadas á Institución Colexial ao/á psicólogo/a que corresponda, respectando a continuidade correlativa das listaxes.

Artigo 8. A designación comunicárase ao/á interesado/a por Sede Electrónica do COPG, debendo, á recepción desta, comunicar a súa aceptación ao Colexio. Inclúiranse na comunicación ao perito todos os datos en relación ao caso que foran enviados ao COPG (datos do Xulgado correspondente, persoas a avaliar, prazos de estaren xa sinalados).

No prazo de 4 días hábiles desde a designación deberán presentarse na sede do xulgado solicitante para aceptar o cargo, debendo notificar ao COPG a devandita aceptación xudicial o mesmo día. De transcorrer o devandito prazo sen ter comunicación por parte da/a interesado/a, entenderase como rexeitamento inxustificable cos efectos previstos no artigo 10.

Artigo 9. Os/As colexiados/as inscritos/as na/s listaxe/s deberán aceptar obrigatoriamente os nomeamentos que se lles fagan. Só poderá rexeitarse o nomeamento nos seguintes casos:

a) Polos motivos contemplados na lexislación vixente (causas de incompatibilidade dos artigos 621 da Lei de Axuízamento Civil e 468 da Lei de Axuízamento Criminal), é dicir:

1. Ser o/a perito/a parente por consanguinidade ou afinidade, dentro do cuarto grao civil de calquera das partes.
2. Ter emitido anteriormente sobre o mesmo asunto ditame contrario á parte que alegue incompatibilidade do/a perito/a.
3. Ter prestado servizos como perito/a ao litigante contrario ou ser dependente ou socio/a do/a mesmo/a.
4. Ter interese directo ou indirecto no preito, ou noutro semellante, ou participación en sociedade, establecemento ou empresa contra da que litigue o que alegue a incompatibilidade do/a perito/a.
5. Amizade íntima ou inimidade manifesta con calquera das partes.

b) Motivos de saúde debidamente xustificables.

Artigo 10. O rexeitamento por causa xustificable deberá ser comunicado ao Colexio inmediatamente e dará lugar ao nomeamento do/a seguinte profesional da listaxe, sen que isto supoña alteración do número de orde establecido na mesma.

Artigo 14. O rexeitamento por causa non xustificable, que tamén deberá ser comunicado ao Colexio inmediatamente polos mesmos medios, dará lugar á perda da quenda pasando ao derradeiro lugar da listaxe.

CAPÍTULO III DAS CAUSAS DE EXCLUSIÓN E READMISIÓN

Artigo 15. Realizada a incorporación á listaxe só se causará baixa na mesma por expresa solicitude escrita do/a interesado/a, ou por algunha das seguintes causas de exclusión:

1. Incumprimento dalgún dos requisitos enumerados no artigo 3 desde o momento mesmo en que se produza.
2. Incumprimento dalgún dos compromisos adquiridos no convenio e na adhesión.
3. Incumprimento dos prazos procesuais sinalados polos Órganos Xudiciais competentes por causa atribuíble ao/á perito/a.
4. Inadecuación do comportamento profesional ás normas básicas do Código Deontolóxico do/a Psicólogo/a.
5. A incoación de procedemento penal ou expediente disciplinario.
6. A actuación a sabendas da existencia de incompatibilidades.
7. Calquera outra que, debido á súa gravidade, mala fe, instrumentalización ou fins espurios considere a Xunta de Goberno do COPG.

Artigo 16. Corresponderá á Xunta de Goberno do COPG a concesión de baixas e readmisións con carácter temporal ao/á perito/a que o solicite. As causas que xustifiquen esta solicitude deberán estar debidamente argumentadas. Finalizado o período de baixa temporal, o/a perito/a será automaticamente readmitido/a no derradeiro lugar da listaxe, sen ser necesaria unha nova avaliación por parte da Comisión.

CAPÍTULO IV DA FACTURACIÓN

Artigo 17. O importe máximo establecido pola Xunta de Galicia para cada informe son 600 euros (IVE incluído) e incluírá todos os gastos xerados pola intervención pericial: elaboración, redacción, emisión e entrega do informe, desprazamentos, aclaracións, ratificacións, asistencia e, en xeral, calquera actuación ante o órgano ou oficina xudicial, incluído o acto de xuízo oral.

Artigo 18. A tesourería do COPG establecerá unhas pautas de facturación que lle serán remitidas a todos os colexiados e colexiadas que conformen a listaxe, nas que se establecerán uns requisitos mínimos que deberán cumprir as facturas.

De todas formas, todas as facturas deberán cumprir os requisitos formais legais esixidos en cada momento (datos do emisor e do cliente, número de factura, data de emisión, concepto, sinalización da porcentaxe de IVE e de IRPF a aplicar, etc.).

Tamén se deberá especificar na factura o número de expediente e procedemento e o xulgado destinatario da pericial.

A emisión da factura deberá realizarse nun prazo de cinco días desde a entrega do informe no xulgado solicitante, acompañada da copia simple do xustificante de entrega efectuado polo xulgado.

Artigo 19. No caso de que unha vez aceptado o caso e iniciada a pericia, antes da elaboración e entrega do informe, esta non chegase a completarse por causas alleas á vontade do/a perito/a (acordo entre as partes, falecemento dunha delas, sobresemento do caso, etc.) poderase emitir factura polo traballo xa feito, a razón de 70 €/hora (IVE incluído) cun límite de 350 €.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Corresponde á Xunta de Goberno do COPG, en última instancia, a resolución de calquera cuestión non prevista no presente Regulamento.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no portal de transparencia do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.